

Ver [Ruta Sisalde Costa Arteixo](#) en un mapa más grande

A Ruta Sisalde- Costa Arteixo dálle a coñecer ao visitante a diversidade de ambientes naturais que amosa o municipio de Arteixo, desde a área litoral ata a ribeira do río Bolaños. Na parte costeira da ruta, o camiñante pode deleitarse coas grandes formacións areosas das praias O Reiro, Barrañán, As Combouzas, Area Grande (Valcovo), Area Pequena, Repibelo, A Salsa, O Rañal ou Alba/Sabón e os areas de Suevos, así coma coas formacións dunares presentes nos areas. Desde os moitos puntos de observación ou miradoiros que dan á costa, pódense divisar numerosas especies mariñas de [aves](#) e algunhas de mamíferos. Na parte interior da ruta, o sendeirista camiña polo tramo fluvial do río Bolaños, que se caracteriza pola súa gran riqueza florística, especies autóctonas de ribeira en sintonía co desenvolvemento industrial do concello.

Lonxitude: 7,7 km

Punto partida: Praia Barrañán

Punto chegada: Arteixo

Percorrido: Barrañán, As Combouzas, Area Grande (Valcovo), Area Pequena, Repibelo, A Salsa, O Rañal ou Alba/Sabón, Suevos e Paseo fluvial do Rio Bolaños

Dificultade: Baixa

Duración: 2,5

Apto para bicicleta: Si

Máis información [aquí](#)